



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 3 DE DECEMBRO DE 2014**

Ás 10.01 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Claustro Universitario que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Xustifican a súa ausencia José Antonio López Vázquez, Elena M.<sup>a</sup> Hernández Pereira, Carlos Vázquez Cendán, Laura Oso Casas, Ricardo García Mira, Sonia M.<sup>a</sup> Suárez Garaboa, Julián Dorado de la Calle, Xoán López Viñas, Manuel Casteleiro, Sonia García Vázquez, Ana Insua Pombo, Macías López Iglesias, Alberto Ramil Rego e Daniel Pena Agras.

### **1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 6 de maio de 2014**

Tras comprobar o quórum legal para realizar a sesión, o reitor abre esta, e somete a acta da sesión ordinaria do día 6 de maio de 2013 á aprobación do Claustro.

Sen intervencións, apróbase a acta por asentimento do Claustro

### **2. Informe do reitor**

A seguir, o reitor informa ao Claustro de que, desde que se realizou o anterior, o 6 de maio de 2014, se produciron algunhas novidades en materia de política universitaria que considera oportuno mencionar.

O 26 de maio interpúxose unha reclamación de reintegro contra a Xunta polo importe devindicado da paga extra correspondente a decembro de 2012. Déuselle á Xunta o prazo dun mes para reintegrar as cantidades adebedadas, que ascenden a un millón de euros. Ao ser desatendido o requirimento, deuse orde á Asesoría Xurídica para deducir demanda contencioso-administrativa. Na actualidade, estamos á espera de ver o resultado da tramitación parlamentaria do proxecto de Lei de orzamentos da CAG para 2015, co fin de tomar decisións sobre esta reclamación. Só se renunciaría á acción contencioso-administrativa en caso de recoñecemento da devolución íntegra dos 44 días devindicados.



No Consello Galego de Universidades do pasado día 18 de xullo, informouse desfavorablemente (por oito votos a seis) a proposta de autorización de dúas titulacións (Arquitectura e ADE) do CESUGA, adscrita á Universidade privada San Jorge de Zaragoza.

Porén, con posterioridade, a Xunta de Galicia autorizou a súa implantación para o vindeiro curso académico (2014/2015) mediante Orde da Consellaría de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria do 22 de xullo (DOG do 7 de agosto).

Nesta mesma liña, o reitor amosa a súa preocupación e rexeitamento fronte á posible autorización da implantación en Sada dunha universidade privada portuguesa (Universidade Fernando Pessoa, de Porto) para impartir titulacións que xa se ofertan nos campus de Coruña e Ferrol (Enfermaría, Fisioterapia, Terapia Ocupacional) ou en Santiago (Odontoloxía). Polo momento, non se convocou o Consello Galego de Universidades para autorizar esta implantación.

O reitor engade que o 23 de xullo tivo lugar en Madrid unha CRUE, seguida dun Consejo de Universidades. Leváronse a informe catro proxectos de real decreto. Un, sobre o suplemento europeo do título; outro, sobre a acreditación de centros; outro, que incorpora distintas modificacións no Real decreto regulador dos procedementos de acreditación do PDI; e finalmente, un Real decreto polo que se modifica o Real decreto 1393/2007 para habilitar o sistema 3+2 de duración das ensinanzas de grao e posgrao.

Estes borradores foron presentados con moi pouca antelación, aínda que polo seu contido merecen unha distinta valoración. O do suplemento europeo do título tivo informe favorable, porque se leva traballando nel bastante tempo. En cambio, os borradores de acreditación de centros e profesores, así como o borrador da estrutura das titulacións non foron suficientemente traballados, polo que o Ministerio aceptou que até o 15 de setembro se lle seguisen enviando suxestións. Especialmente o de titulacións, pola súa transcendencia, causou moita inquietude, e inquietude unánime, entre todos os reitores, pola súa importancia, a súa inoportunidade nestes momentos e a escaseza de tempo para negociar.



Os borradores foron remitidos aos membros do Consello de Goberno. Na actualidade están a informe no Consello de Estado.

A CRUE reuniuse de novo o 12 de novembro en Madrid para valorar a situación. Polo que parece, a intención do Goberno é remitir ao BOE os reais decretos a comezos do ano 2015, sen contestar sequera as alegacións presentadas polas universidades, coa vontade de que as novas estruturas dos graos se poidan implantar no curso 2016/2017. A valoración do reitor é moi negativa, porque se produce o cambio cando estamos a piques de avaliar o resultado académico dos novos grao, que custou moito esforzo deseñar e implantar nos distintos centros. Ademais, vai supor un aumento do custo dos estudos universitarios, polo aumento dos créditos de mestrado, que son máis caros que os de grao.

Con data 3 de outubro do 2014, e como consecuencia de discrepancias coa Consellaría de Educación sobre a liquidación do fondo incondicionado ou estrutural correspondente á nosa Universidade, en aplicación do PFSUG 2011-2015, remitiuse formalmente un requirimento á Xunta de Galicia polo que se reclama o reintegro de 2 829 620,21 € correspondentes ao fondo de financiamento fixo que determina o PFSUG 2011-2015. O prazo deste requirimento rematou o vindeiro 4 de novembro. Estamos agardando a ter unha reunión negociadora coa Conselleira de Facenda antes de deducir demanda contencioso-administrativa contra a Xunta.

Nesta mesma liña de defensa da institución, o reitor comenta que o pasado 14 de novembro lle remitiu aos catro grupos parlamentares e á Xunta de Galicia un escrito de alegacións ás leis de orzamentos da CAG para 2015 e a lei de medidas fiscais e administrativas (lei de acompañamento).

Este escrito trata de abrir unha interlocución coa Xunta de Galicia, para manifestar a postura desta Universidade perante a política (orzamentaria) de feitos consumados do Goberno galego, e negociar un acordo en diversas materias.

- **Supresión da autorización autonómica da provisión de postos temporais do PDI (art. 36 dous do proxecto de Lei de orzamentos).**



Reitérase o xa alegado para o proxecto de Lei de orzamentos da CAG de 2014 sobre o mecanismo que autoriza as prazas temporais de PDI, agora contido no artigo 36.dous do proxecto de lei para 2015.

Consideramos que os postos de PDI temporal das universidades deben excepcionarse da prohibición xeral de contratación temporal.

- **Falta de motivación do novo recorte dos dereitos retributivos do persoal das universidades públicas (art. 34.dous do proxecto de Lei).**

Ao prohibir o incremento das retribucións anuais do persoal ao servizo das universidades verbo das previstas a 31 de decembro do 2014, o proxecto de Lei de orzamentos para 2015 está a consolidar por terceiro ano orzamentario consecutivo a “incautación” dunha parte das súas lexítimas retribucións, en concreto o 5,4% da masa salarial que se retirou do noso financiamento estrutural ao abeiro do artigo 37 da Lei 2/2013, de orzamentos da CAG para 2013.

Esta nova incautación non aparece motivada suficientemente no proxecto de lei. Descoñecemos as razóns macroeconómicas que deben levar a que, nun escenario cun crecemento estimado do PIB autonómico do 2%, os funcionarios públicos deban seguir sacrificando por lei unha parte das súas retribucións.

- **Recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012 do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia (disposición adicional décima do proxecto de Lei).**

Solicitamos que, do mesmo xeito que se fai para o sector público estatal no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2015, se reintegren integramente os 44 días da paga extra devindicada polo persoal da universidade no ano 2012.

- **Ampliación do teito de gasto en persoal (art. 81.4 LOU)**
- **Emenda á disposición adicional primeira do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas**



A disposición adicional primeira regula a contratación laboral de persoal investigador no ámbito da Comunidade Autónoma. Solicítase a inclusión expresa das universidades, e unha máis clara redacción do precepto.

- **Emenda de inclusión dunha exención de acreditación de clasificación, solvencia e constitución de garantías para as universidades nos concursos públicos que se liciten na Comunidade Autónoma**

Con esta emenda, trátase de estimular a presentación de ofertas por parte dos grupos universitarios, favorecendo así a autoprovisión e transferencia de coñecemento entre entidades do sector público.

A seguir, o reitor abre unha quenda de intervencións para aclaracións ao seu informe.

Ao non se solicitar ningunha intervención, o reitor dá paso ao seguinte punto da Orde do día.

### **3. Informe da Vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas sobre as liñas xerais do orzamento para o ano 2015**

Toma a palabra a vicerreitora para expor as principais liñas que, a data de hoxe, se están a aplicar para confeccionar o orzamento do vindeiro ano 2015.

A vicerreitora expón as previsións de evolución de ingresos e gastos que se prevían na programación bianual 2014-2015, aprobada polo Claustro en decembro do 2013.

O contexto económico interno da UDC é de situación saudable, mais cunha marxe de manobra cada vez máis reducida, pola acumulación dunha queda de ingresos por matrícula e a redución do remanente non afectado, co que tradicionalmente se vén cubrindo o déficit de financiamento corrente da casa. O contexto económico externo, determinado polo proxecto de lei de orzamentos da CAG para 2015, apunta cara a unha mellora macroeconómica no vindeiro exercicio, mais esta previsión non se reflicte, ao estar en vigor por último ano as previsións contidas no PFSUG 2011-2015. Os ingresos van aumentarse pola captación de proxectos obtidos en concorrencia competitiva en I+D+i, compensando así a baixada dos



ingresos por matrícula. En canto ás prioridades de gasto, mantéñense as sinaladas na programación plurianual: mantemento do persoal, bo tratamento a bolsas e axudas a estudantes, con axuste de gastos en bens correntes e infraestruturas. O gasto de persoal e os investimentos soben lixeiramente; no primeiro caso pola deriva vexetativa e a recuperación de parte da paga extra devindicada en 2012, e no segundo caso pola mellora da captación de proxectos de investigación.

Expostas as liñas mestras do orzamento para o ano 2015, ábrese unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado chama a atención sobre a falta de información sobre este punto. Considera que pola condición de representantes, debería achegarse máis información a priori. Tamén considera que a presentación é insuficiente, pois non se facilita nin un dato, nin unha soa porcentaxe.

Margarita Orduna considera lamentable que non se achegue ningún dato numérico, e fai unha crítica dos gráficos do informe.

Luis Castedo considera que os datos achegados non permiten interpretar nada. Coincide coas intervencións anteriores. Non hai datos numéricos que permitan contrastar a evolución das magnitudes. Xa se queixou o ano pasado, e volve reproducir as súas críticas. Tampouco considera serio que non se achegase ningunha información con antelación á sesión. Por exemplo, o investimento en obras como a do edificio do CITEEC, aínda pendente. Considera negativa a aplicación de fondos propios para cadrar as contas, e valora moi positivamente o esforzo dos investigadores para achegar recursos de I+D+I, que merece un recoñecemento público.

Anxo Calvo comeza tamén destacando o aumento da captación de recursos competitivos grazas ao esforzo dos grupos de investigación. O profesor Calvo comenta os perigos de seguir financiando o exercicio corrente con remanentes de tesouraría non executados. Esta situación de déficit orzamentario debería ser excepcional, e porén, seguimos nunha situación de economía de guerra, moi limitados na nosa capacidade de gasto pola conxelación ou redución de ingresos. Anxo Calvo pregúntalle á vicerreitora cales son as perspectivas de mellora que poden acollerse no PFSUG 2016-2020.



Andrés de Blas súmase á intervención de Luis Castedo. Ningunéase o Claustro e non se achega información. O resultado é a desincentivación da participación. Por iso hai que comezar con media hora de atraso por falta de quórum. A xente non sabe a que se vén ao Claustro. O Claustro merece máis información, máis tempo de análise. Era necesario, pregúntase, este Claustro en pleno período electoral?

Xosé Portela valora como un mero trámite este Claustro. Non che achega información para evitar o debate. O circuíto institucional de aprobación e discusión do orzamento debe cambiarse, dándolle o papel protagonista ao Claustro. Se o equipo de goberno non cambia o seu papel habitual de transmisor das políticas do PP, o PAS estará enfronte, protestando.

Na súa quenda de réplica, a vicerreitora subliña que este punto é de informe, que pretende expresar as liñas de axuste do proxecto de orzamento, actualmente en elaboración, á planificación plurianual aprobada polo Claustro. Mais non se dan cifras concretas nin definitivas, porque este órgano non é o competente para aprobar esas cifras, que a día de hoxe non están pechadas, e non parece responsable dar cifras non definitivas. Sobre o remanente de tesouraría, efectivamente hai un déficit, mais o que acontece é que o PFSUG dota dun financiamento insuficiente a nosa Universidade, que permanece no posto 35 das universidades en financiamento por alumno. E cada vez diverxemos máis. Os ingresos correntes son crecentemente insuficientes. Os datos preliminares que remitiu a Xunta de Galicia sobre o vindeiro plan de financiamento son escasos e provisorios, e nin sequera se aclararon as proxeccións macroeconómicas até 2020. A Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno e o presidente do Consello Social foron informados cumpridamente de todos estes datos. Sinala tamén que aínda non se pechou o exercicio, que é paso previo para podermos contrastar minimamente as cifras de remanente de que dispoñemos para financiar o seguinte exercicio corrente.

Comenta tamén a situación do CITEEC, cuxas obras xa foron adxudicadas, mais estamos á espera do informe preceptivo de AESA por mor da servidume aérea, para que o Concello nos conceda licenza de obra. O aulario da ETSA está tamén pendente de certos trámites administrativos para incautar o aval da adxudicataria das obras, que están en prazo de garantía.



O reitor intervén para lembrar que se convoca Claustro porque os Estatutos establecen a realización de dous claustros ao ano. E as competencias do Claustro son as que son, isto é, as que aparecen nos Estatutos que aprobamos entre todos: neste caso, aprobación da programación plurianual, que se fixo o ano pasado, a aprobación do plano estratéxico e a aprobación das memorias do reitor e do valedor universitario. Neste punto do que se trata é de contrastar o grao de cumprimento da programación plurianual coas previsións actualmente dispoñibles para o orzamento 2015. Tamén lembra que os problemas de financiamento son estruturais, dependen non só da conxuntura, senón sobre todo dun PFSUG 2011-2015 que é moi malo para a UDC, e canto máis avanza, peor. Por iso no seu día nos abstivemos. Ao seu xuízo, a Xunta nin recompensa a prudencia na xestión orzamentaria, nin quere ver os problemas estruturais que arrastra a UDC, nin atende as reclamacións lexítimas para que se execute correctamente o PFUSUG en vigor, como acontece cos 2 860 000 € correspondentes á liquidación do fondo estrutural.

Jordi Delgado coincide nalgúns aspectos coa diagnose do reitor, pero opina que o Claustro se debe dotar de contido, de información, para que haxa debate. Ademais, considera, en relación co plan de financiamento, que quizais o reitor debería considerar se está defendendo correctamente os intereses desta universidade, diante da mellor posición das outras universidades na negociación dos PFSUG.

Anxo Calvo pregunta, respecto da reclamación dos 2 860 000 € se realmente a UDC ten todos os “ases” para xogar as súas bazas na liquidación do actual PFSUG, sen déficit, e na negociación do vindeiro PFSUG, para que se pechen sen déficit todos os exercicios orzamentarios.

A Margarita Orduna gustaríalle coñecer con máis detalle as disparidades de ingresos de matrícula nas tres universidades galegas. A que causas se debe?

Respecto desta última cuestión, a vicerreitora replica que non se debe á conxelación das taxas, senón a outras causas, como a baixada demográfica de poboación en idade de escolarización en ensino superior e á repartición que fai de financiamento a Xunta de Galicia en función do número de estudantes, que nos penaliza obxectivamente. Respecto da reclamación dos 2,8 millóns de euros, previamente á interposición da demanda contencioso-administrativa, que remata a comezos de xaneiro, vai haber unha reunión da Comisión de Seguimento do Plan, para discutir esta cuestión.





Solicitamos que se faga a reunión antes da última transferencia corrente, para que poidamos liquidar 2014 con esas cantidades reclamadas, que reducirían substancialmente o noso déficit.

Con esta intervención, o reitor dá paso ao seguinte punto da Orde do día.

#### **4. Informe de xestión do valedor universitario correspondente ao ano 2014**

O valedor universitario presenta o seu traballo de informe sobre o período setembro 2013-agosto 2014, situándoo nun contexto moi difícil, de carestía económica, de crecente inseguridade en todos os ámbitos.

Revisa as cifras de queixas e consultas producidas no período de referencia, que baixaron un pouquiño a respecto do ano 2013. O valedor contestou un total de 92 consultas e 38 queixas. A distribución dos casos por colectivos seguen a ser similares aos anos anteriores: 82% estudantes, 10% de profesores, 2% PAS e un 6% persoas alleas á comunidade universitaria. Na distribución por campus, o 88% das queixas son do campus da Coruña e o 12% do campus de Ferrol.

Analiza tamén os datos das consultas en función do xénero dos reclamantes, en función da área temática (acceso, taxas e xestión académica, exames e criterios de avaliación, organización da actividade docente, bolsas e axudas ao estudo...) e en función dos centros onde se producen. Tamén comenta os tempos medios de resolución dos casos. O 71% dos casos resólvense entre 1 e 7 días, tratando sempre de fornecer unha resposta o máis axiña posible.

Felicita a comunidade universitaria pola pronta resposta que en xeral se dá a todas as reclamacións e queixas que tramita o valedor. Son poucos os casos en que non se seguen as recomendacións do valedor. Recomenda revisar as normas de permanencia, e que a Asesoría Xurídica faga un control previo de todas as convocatorias, para que se cumpra a LPAC desde o nacemento dos procedementos. Considera que isto minoraría as reclamacións e evitaría que se chegase despois a situacións irreversibles.

O valedor finaliza a súa intervención agradecendo o esforzo, entusiasmo e dedicación da súa secretaria, Rosa González Romero, así como o respecto



institucional e boa disposición de todos os servizos e órganos na resolución das queixas e reclamacións.

Na quenda de intervencións, o profesor Jordi Delgado agradece ao valedor a súa exposición, mais considera que é mellorable en moitos aspectos, pois un informe desta natureza non se pode limitar a transmitir estatísticas. O valedor debe tutelar todos os órganos da Universidade con independencia respecto do Goberno, e valorar como está a funcionar cualitativamente a institución no seu conxunto. Por exemplo, comenta a escasa publicidade dos acordos do Consello de Goberno, do actual proceso electoral, a dubidosa forma de identificación dos votantes mediante a identificación corporativa única etc.

Alejandro Pazos coincide co profesor anterior na súa valoración, engadindo que ao seu entender sobra a figura do Valedor, que considera primeira liña defensiva dos problemas que lle deberían chegar aos membros do equipo de goberno. O informe está cheo de obviedades. Tamén critica o procedemento electoral, a baixa participación e a publicidade subliminar que algún “listillo” (sic) introduciu.

Moisés Canle, desde a xestión do día a día da Facultade de Ciencias, valora a eficacia, a independencia e o acerto con que se atenderon as reclamacións do seu centro, e dálle os parabéns ao valedor e á súa secretaria pola súa boa xestión, que nalgún caso serviu para mellorar a normativa en vigor. Ese é, ao seu xuízo, o verdadeiro traballo cotián ao que teñen que atender os xestores da universidade e o propio valedor.

O estudante Daniel Carballido agradece ao valedor o seu esforzo. No seu centro, a EUAT, é moi ben valorado, e estráñanlle as valoracións tan negativas que fixeron os anteriores profesores. Pregúntalle ao valedor como valora a actitude dos servizos e centros a que lles remite recomendacións.

Narciso de Gabriel coñeceu o profesor Enrique Ansemil no ano 1981 en Ourense, e xa daquela destacaba pola súa laboriosidade, profesionalidade e imparcialidade. Dálle os parabéns ao valedor polo seu esforzo e bo traballo, e pídelles que, desde a súa experiencia de catro anos, faga unha valoración sobre a figura do valedor universitario: que ocorrería se non existise? Considera tamén que nalgunha táboa habería que dar datos relativos, e non absolutos (o seu centro ten moito profesorado e alumnado). Sobre os datos por sexo, considera que a relevancia desta variable é indubidable. En



absoluto ve a Martínez Ansemil como unha persoa dependente do equipo reitoral, nin considera que haxa datos que así o poidan indicar.

Carlos Platas dálle os parabéns ao valedor pola presentación e polo seu traballo, e manifesta a súa preocupación pola baixa participación no Claustro, sinalando que son algunhas intervencións demagóxicas de certos profesores as que contribúen ao descrédito do propio Claustro. Pregunta que tipo de institucións fan queixas ou consultas.

En quenda de réplica, o valedor opina que o seu informe é a proba empírica de que esta figura val para algo, e dos seus esforzos por manter a independencia, que procura manter no día a día. Tamén considera que algunha expresión do profesor Pazos é manifestamente incorrecta, pois el é valedor desde abril de 2011. Subliña que o valedor non é un inspector de servizos, é algo distinto, que tamén supervisa a actividade da comunidade universitaria, pero desde a independencia.

Alejandro Pazos aclara que a súa crítica de instrumentación do valedor se refería ao anterior equipo de goberno. Fixo algo sobre a convocatoria do Claustro de hoxe?

Jordi Delgado aclara tamén que considera que a figura do valedor é importante, e por iso considera que o valedor non utiliza suficientemente o seu peso institucional, nin ten orzamentos suficientes.

Cunha réplica final a estas intervencións, pecha o punto o valedor universitario sobre o seu informe anual que figura como **anexo III**

## **5. Quenda aberta de intervencións.**

Na quenda aberta de intervencións teñen lugar as seguintes,

Jorge Crego pregúntalle ao equipo de goberno se tiña coñecemento de que nas últimas semanas membros da Policía Nacional invadiron o espazo da Universidade, con motivo do despexo da casa de San Vicente de Elviña, e que se fixeron controles de identidade no ámbito da rotonda de Socioloxía.

Alejandro Pazos pregunta cantos membros do equipo de goberno van no seu coche ao campus de Elviña, en relación coa supresión das prazas de aparcamento do campus de Elviña. Xa se ocuparon edificios que non teñen



licenza de primeira ocupación. Seica caeu un usuario. Pregunta sobre a situación legal dos edificios que tiveran problemas no pasado. A entrada no campus é como entrar en Zambia (sic), pola situación do CITEEC.

Fermín Navarrina considérase desconcertado sobre a natureza do Claustro, despois de 25 anos de ser membro desta universidade. Non entende que se confunda o noso papel no Claustro. Manifesta a súa desconformidade coa forma que se deu publicidade á convocatoria de eleccións a representantes en órganos colexiados. A pesar de se publicar a convocatoria non houbo publicidade até o 13 de novembro, e como consecuencia desa mala publicidade, hai centros en que non se cubriron os postos.

Marcos López, en relación coa normativa de dedicación do PDI, chama a atención verbo da exención atribuída ao plan de acción tutorial dos centros. Considera que é moi baixa. En segundo lugar, comenta o tema das rebaixas de docencia por xestión. Aínda sendo comprensibles, non as ve xustificadas.

Concepción Vidal, sobre a diminución de prazas de aparcamento no centro, pregunta se é intención do *green campus* que se supriman todas as prazas de aparcamento do campus, e solicita que non se castigue a xente por utilizar o transporte privado para acceder ao campus. Considera que é un problema real ir traballar, porque xa non é capaz de aparcarse ás 8:30 da mañá.

Xosé Portela comenta tamén que o CNP e a Policía local, o día 25, na rotonda de Socioloxía, procederon a identificar estudantes que repartían propaganda da Marcha da Dignidade. Pregunta se o reitor tiña coñecemento desta circunstancia e se deu autorización á policía para entrar ao campus. Se non a deu, demanda que se proteste por esta invasión das forzas e corpos de seguridade do Estado.

David Neira, en nome dos Comités, dá os parabéns ao equipo de goberno polo tema da residencia pública, que é unha reivindicación histórica do movemento estudantil coruñés. A seguir, considera que non entende por que se avisou de que había un atasco o día do despexo da casa de Elviña. Sobre o tema do bonobús, considera que as bolsas que se dan para mobilidade son insuficientes.



Daniel Carballido denuncia un mal uso do aparcamento de Arquitectura. Non hai seguridade, non hai mantemento, non hai limpeza. Comenta tamén o Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, que equipara a diplomatura ao grao de Arquitectura Técnica. Que vai pasar cos cursos ponte? Os profesores de Arquitectura non levan os estudantes ás obras porque seica o seguro non cobre os estudantes maiores de trinta anos. Solicita que se lles aclare aos profesores o marco legal deste seguro, para propiciar a visita a obras, que xulga imprescindible para a formación técnica dos profesionais. Pregunta que pasa coas plataformas moodle e campus virtual, porque no seu centro cada profesor utiliza unha plataforma distinta, mesmo sen saber como funcionan.

O reitor comeza a súa contestación dicindo que descoñecía que a Policía entrase en ningún recinto universitario. Sobre os aparcamentos, aclara que non se van eliminar todos os aparcamentos do campus: o único que se fixo foi, con motivo do asfaltado do campus, eliminar algúns aparcamentos na man dereita da vía principal, para evitar problemas de seguridade viaria e de fluidez do tráfico nunha vía cada vez máis sobrecargada. Por iso foron retirados. Tamén se está a facer un esforzo para mellorar a mobilidade urbana entre o casco urbano e o campus, e tamén coa área metropolitana. Sobre os edificios, resolvéronse os problemas legais de todos eles, grazas á estreita colaboración co Concello da Coruña. A área científica estase utilizando normalmente, e está cuberto calquera dano que se produza aos usuarios. O tema da dedicación do profesorado foi agora modificado no último Consello de Goberno, como froito dun longo proceso de negociación de seis meses, para evitar no posible os efectos perversos do Real decreto-lei 14/2012. As negociacións co Concello e a Deputación para a cesión dun edificio destinado a residencia pública van tamén avanzando, e agarda pechar o acordo, xa moi avanzado, en próximas datas, para que se poida abrir o vindeiro curso.

Sobre a seguridade nos aparcamentos, toma nota para atallar os problemas. Sobre a homologación dos estudos de Arquitectura Técnica, o Real decreto está xa publicado e en vigor. A equivalencia non é automática, hai que solicitar a equivalencia de estudos. Sobre este punto, na CRUE o reitor manifestou a súa opinión de que os estudos de Arquitectura Técnica habilitan para a profesión de arquitecto técnico, mais o Ministerio non pon iso. Pon que hai que solicitar a equivalencia, e que será a ANECA quen elaborará o informe sobre as competencias que se adquiren en cada estudo, en función do plan de estudos de cada universidade. O reitor considera que



nunca houbo problemas para que os estudantes de carreiras técnicas foran a obras. O seguro escolar e a póliza Hac Luce dan cobertura tamén aos maiores de 28 anos, o que haberá que recordar ao profesorado. Sobre a utilización das plataformas virtuais, lembra que o CUFIE imparte cursos de formación para a utilización destas ferramentas de teleensino. O reitor recomenda prudencia á hora de subir materiais á plataforma docente, pola recente condena que se produciu á Universidade Autónoma de Barcelona, a favor de CEDRO, por case catro millóns de euros. Por último, o reitor comenta o tema da publicidade do proceso electoral en curso, para a elección de representantes en órganos colexiados. Unha vez que se aprobou a convocatoria, saíu na web de xeito permanentemente visible, e é a web a interface que o propio Regulamento electoral xeral sinala para os procedementos electorais. Para favorecer a participación electoral, enviáronse uns cartaces publicitarios a aqueles centros onde finalmente hai votación. Neses cartaces, invítase a exercer o voto, simbolizando a posibilidade de o facer de maneira electrónica, pero sen facer ningunha referencia subliminar a ningún partido político.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión ás 13.07 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral  
Carlos Amoedo Souto

O presidente  
Xosé Luís Armesto Barbeito